

La invención de Hugo

Cabret · Brian Szelnik,
Xohana Bastida (trad) ·
SM, 2007 ·
534 páx · 21 euros



UNHA HISTORIA desenvolvida no París de 1931, atravesada de referencias literarias e cinematográficas, conta da con mestría gráfica e estrutural, incorporando elementos narrativos do cinema, que nos describe as desventuras dun neno, Hugo Cabret, que fica abandonado por seu tío e vive, sen que ninguén o saiba, oculto na estación dos camiños de ferro. Alí segue a manter en funcionamento os reloxo para que ninguén se decate da desaparición do seu tío, que era o responsábel de tal labor. Obsesionado con completar un autómatas no que traballaba o seu pai antes de morrer, camiñará por unha serie de peripecias que o levan a facer amizade cunha nena e descubrir o segredo mellor gardado do París da época.



Ilustración de Guernica. // **Olivier Charpentier**

Unha narración con atractivos tons dickensianos e con evocacións do cine de Méliès. Pero non paran aí as referencias cinematográficas, xa que notaremos a presenza de René Clair, de Harold Lloyd, das lembranzas que nos trae o personaxe de Etienne que quere ser cameraman e

leva un parche nun ollo, pero moi especialmente a construción narrativa da historia, onde os moi ben elaborados grafitos se planifican con criterios cinematográficos puros. Unha obra para todos, pero especialmente unha aventura apaixonante para os adolescentes. // **X. P. D.**